

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA VINTE E DOUS DE MAIO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO.****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e dous de maio de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA****1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares.**

2.1.- Instancia núm. 201400000000385 de don Alfredo Iglesias Lago.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de instalación de piscina prefabricada de 6 x 3 m (Expediente núm. 2014/U009/000017), no lugar de Matelo nº 16. As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001704400NH44A.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar desde a data de concesión.

2º.- Construiranse un sistema de pozos filtrantes para baleirala.

A distancia mínima aos lindeiros será de 3 m e instalarase a un mínimo de 5 m dende o eixe do vial principal.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento sesenta e seis euros con noventa e catro céntimos (#166,94#)

2.2.- Instancia núm. 201400000000452 de dona Alejandra Escolante Mujico.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de canalización para conexión de sumidoiro, de



aproximadamente 30 m de largo, cruzando un vial municipal asfaltado no lugar de Laraño (Expediente núm.: 2014/U009/000022). As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090B501000730001YQ.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Para a execución da acometida construirase unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública.

O conduto irá transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo de rexistro.

Tanto a arqueta como o conduto terán sección suficiente para permiti-lo seu correcto funcionamento. A acometida deberá conducir separadamente as augas pluviais e as residuais.

O efluínte deberá reunir as condicións físico-químicas que se especifican no Regulamento de vertidos municipal.

A arqueta deberá ser dun deseño e forma que permita a toma de mostras do efluente. Deberase proceder á reposición do pavimento deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba e unha vez rematadas as obras deberá pórse en contacto coa empresa adxudicatario do Servizo, Viaqua, S.A., para que emita o informe favorable de conexión.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

### 2.3.- Instancia núm. 201400000000472 de dona María Segade Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en revestir fachada con pedra, aproximadamente 50 m<sup>2</sup> de superficie (Expediente núm.: 2014/U009/000025), situada en Pousada de Abaixo nº 27, en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a pedra será do país, e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 do 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

### 2.4.- Instancia núm. 201400000000501 de dona Isabel Cerdeira Gómez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en reparación de cuberta segundo memoria que se achega (Expediente núm.: 2014/U009/000026), situada en Bazar nº 8- Trobe, en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM. As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001700700NH43E.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar desde a data de concesión.
- 2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e nove euros con vinte e catro céntimos (#149,24#)

### 2.5.- Instancia núm. 201400000000548 de dona Clara de la Torre Junquera.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en cambiar a tella da cuberta, aproximadamente 184 m<sup>2</sup> en planta, e pintar as catro fachadas nunha superficie aproximada de 190 m<sup>2</sup> (Expediente núm.: 2014/U009/000028), situada en Torre nº 20 –San Xián de Sales, en solo cualificado como solo rústico de protección forestal (R-5) segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001605800NH44A0001HE.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar desde a data de concesión.
- 2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e a cor utilizada nas fachadas será branco ou tons suaves acordes co entorno.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento setenta e oito euros con oitenta e nove céntimos (#178,89#)

### 2.6.- Instancia núm. 201400000000487 de dona María Estévez Ares.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de construcción de alpendre de 80 m<sup>2</sup> para uso agrícola e almacenamento de apeiros de xardín, en Cubelas (Expediente núm.: 2014/U008/000009), en solo cualificado como “dos núcleos rurais”, segundo o vixente PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta, núm.: planta B. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Brais Vázquez Rey, cun orzamento de 8,964,54 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construirase de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia as paredes enfuscaranse e pintaranse e a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento setenta e nove euros con vinte e nove céntimos (#179,29#)

### 2.7.- Instancia núm. 201400000000470 de María Nieves Olmedillas Gómez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda realizando obras interiores, consistentes en recebar paredes, repoñer azulexo e mellorar a instalación eléctrica, segundo orzamento que se achega (Expediente núm.: 2014/U009/000024), situada en Pousada de Abaixo núm. 10, en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM. As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000805100NH43E0001BX.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- As obras axustaranse ao presuposto aportado, e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros e corenta céntimos (#50,40#).

#### 2.8.- Instancia núm. 201400000000549 de don Francisco Puy Múñoz.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Trobe , solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en cambiar a cuberta colocando tella nova e cambiando caneiros, segundo orzamento que achega (Expediente núm. 2014/U009/000029), situada en Paizás nº 9, en solo cualificado como solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o vixente PXOM. As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A505000150000AX.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo de execución das obras será de un ano a contar dende a data de concesión.
- 2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica, e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

#### 2.9 -Instancia núm. 201400000000433 de dona María Teresa Gambino Fandiño. (Expediente 2014/U003/00001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, expón que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2013 concedeulle licenza para rehabilitación de vivenda e de edificación auxiliar (Expediente.: 2014/U008/000014), e solicita a concesión dunha prórroga para o inicio das obras autorizadas e obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga máxima de seis meses para o inicio das obras autorizadas, a contar dende a data de finalización do prazo inicialmente concedido no expte. número 2014/U008/000014.

#### **3º.- Acordo, se procede, sobre comunicación previa cambio de titularidade de licenza de fábrica de pensos en A Igrexa –Merín.**

Vista a solicitude presentada por Bograo, S.L., representado por Manuel Jesús Orosa Canabal, para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a fábrica de pensos, sito en A Igrexa, 14 -San Cristovo de Merín, neste termo municipal, da que era titular Rivadulla, S.L.



Considerando, segundo manifestan, que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 14/03/1990, tendo en conta que se cumplen os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, e á vista do disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscientos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, aos interesados no expediente.

#### **4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de apertura de pensión de 1 estrela en Ponte Ulla (Ponte Ulla)**

Instancia núm. 201300000001061 de don Juan Sanjurjo Pereira.

Examinado o expediente núm.: 2013/U013/000001 promovido por don Juan Sanjurjo Pereira, para instalación e apertura de pensión de 1 estrela, en Ponte Ulla, 3 (Ponte Ulla), para o que achega proxecto, asinado por Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, de data 30 de xullo de 2013.

Tendo en conta que figura inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia co código identificativo H-CO-002317. Tendo en conta que a actividade solicitada non está suxeita á normativa contida na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Logo de emitido informe polos Servizos Técnicos Municipais; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días, mediante anuncio publicado no taboleiro de edictos do concello e no BOP número 195 do 14/10/2013, e que por Secretaría se certificou sobre a non presentación de alegacións por parte dos interesados.

Logo de ingresadas as taxas de tramitación establecidas na ordenanza vixente.

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Concederlle a don Juan Sanjurjo Pereira, a licenza de instalación da actividade de pensión de 1 estrela en Ponte Ulla, 3 (Ponte Ulla), nos termos da documentación presentada e do contido do expediente tramitado, cunha capacidade en prazas de 10 persoas e un número de habitacións de 5.

Non se poderá iniciar a actividade sen que se teña obtivo a previa acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá solicitala e presentar certificación final de obra e instalación.

#### **5º.- Acordo, se procede, sobre solicitudes de subvención.**

5.1.- Solicitud de subvención ao Fondo de Compensación Ambiental 2014.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 29 de abril de 2014, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións de liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 82/14, do 30 de abril). Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde para o proxecto denominado *funcionamento servizos municipais: Brigada Verde e de conservación da natureza 2014*, cun orzamento de 20.000,00 euros, integrado polas seguintes actuacións:

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN	ORZAMENTO	TIPO DE GASTOS
Gastos de persoal propio	20.000	Gastos de funcionamento

### 5.2.- Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 28 de abril de 2014, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2014 e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 85/14, do 6 de maio).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Solicitar unha subvención para a promoción da información xuvenil e actividades dirixidas á xuventude.

2º.- Designar como representante ao Sr. Alcalde –Presidente do Concello de Vedra.

### 6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe ( €)	Nome Proveedor/ Acreedor	Descripción
FE14321142809917	05/03/2014	426,85	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial mes febreiro (IP 03AF00356_0132)
FE14321142809918	05/03/2014	1.285,13	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra mes febreiro (IP 03B000356_0132)
FE14321142676751	04/03/2014	727,56	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz do 29/11/13 ao 13/01/14 (IP 03B000356_0132)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



FE14321142676752	04/03/2014	696,38	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz do 14/01/14 ao 27/02/14 (IP 03B000356_0132)
FE14321142676749	04/03/2014	464,93	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede do 25/11/13 ao 23/12/13 (IP 03B100356_0132)
FE14321142571743	03/03/2014	130,14	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á piscina municipal do 24/12/13 ao 27/02/14 (IP 03B100356_0132)
FE14321142571742	03/03/2014	243,48	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á gardería municipal do 01/02/14 ao 27/02/14 (IP 03B200356_0132)
03/2014	05/03/2014	1.604,05	Gas Natural Servicios SDG S.A.	5 fras. por subministro a iluminación pública en Dozar, Fufín, Sol e Pte.Ulla do 31/01/14 ao 28/02/14 (IP 0AE200358_0132)
FE14321142809919	05/03/2014	46,48	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Paradela do 31/01/14 ao 28/02/14 (IP 0ACE00358_0132)
FE14321142809915	05/03/2014	1.169,40	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande do 31/01/14 ao 28/02/14 (IP 053B00357_0132)
03/2014	01/03/2014	1.666,74	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	9 fras. de marzo por subministro a edificios e casas culturais meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. CP458)
10 FRAS. DE MARZO/2014	01/03/2014	1.805,28	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	10 fras. de marzo por subministro ás escolas unitarias meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. CP424)
1140211426606	02/03/2014	208,14	Gas Natural S.U.R. SDG,	Subministro ao centro de saúde de



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			S.A.	Vedra mes febreiro (Cod. Agrup. CP22)
01140211493796- 01140310141186	02/03/2014	85,87	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Santa Cruz meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. CP22)
1140211360812	01/03/2014	140,40	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á nave de Trobe meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. CP44)
1140211383716	01/03/2014	601,91	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á ludoteca meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. CP1274)
1140310061761	06/03/2014	437,20	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á casa reitoral de Ponte Ulla meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. CP1274)
1140211348040	01/03/2014	215,90	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao punto limpo meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. CP888)
1140211464633	02/03/2014	13,90	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao bombeo de Socastro mes febreiro (Cod. Agrup. CP888)
1140211360280	01/03/2014	93,73	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á oficina de turismo meses xaneiro e febreiro (Cod. Agrup. 23161)
166 FRAS. DE MARZO/2014	01/03/2014	19.263,72	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Fras. de marzo por subministro a iluminación pública (Cod. Agrup. CP2490)
VD 04/2014	30/04/2014	6.172,30	Ana Naya García. S.L.	Servizo de gardería na escola infantil municipal mes abril
23	30/04/2014	6.241,48	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión do polideportivo municipal mes abril
02772014AN00000096	03/04/2014	6,56	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro á reitoral de Ponte Ulla ano 2013
02772014AN00000097	03/04/2014	12,16	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro ao local sociocultural de Ponte Ulla ano 2013



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



02772014AN00000100	30/04/2014	470,55	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro ao CEIP de Santa Cruz ano 2013
02772014AN00000101	03/04/2014	83,52	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro ao centro de saúde de Vedra ano 2013
02772014AN00000102	03/04/2014	403,72	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro ao CPI de Vedra ano 2013
02772014AN00000103	03/04/2014	46,28	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro á casa consistorial ano 2013
02772014AN00000104	03/04/2014	42,36	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro á gardería municipal ano 2013
02772014AN00000105	03/04/2014	61,20	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro ao museo Paz Camps ano 2013
02772014AN00000098	03/04/2014	10,20	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro aos locais da estación do tren de Santa Cruz ano 2013
02772014AN00000099	03/04/2014	375,43	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga polo subministro ao albergue de peregrinos de Vilanova ano 2013
5	30/04/2014	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos mes abril
12	06/04/2014	150,60	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos para atencións protocolarias da actividade Teatrofilia 2014
5626201468000293	28/04/2014	2.178,06	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa en frío para arranxo de pistas subministrada en abril
7	23/04/2014	450,00	Asociación Musical BBMas - Charanga	Actuación o día 13 de abril con motivo da celebración da Festa do Viño 2014



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



98002164	30/04/2014	92,25	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa mes abril
A-135	30/04/2014	211,75	Servides-J.C. Barreiro García	Servizos de desratización, desinfección e desinfectación realizados no CPI de Vedra
301	05/05/2014	1.012,77	Segade Martínez José Manuel	Reparación de persiana e colocación de tarima na escola de San Xián
GC000007	06/05/2014	500,00	Maeve McLoughlin	Impartir curso de inglés no CEIP de Santa Cruz mes abril
14/2503	30/04/2014	29,77	José Cea, S.L. - Persianas Metalicas	Materiais para reparación no CEIP de Santa Cruz subministrados en marzo
92941525	06/05/2014	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota aluguer fotocopiadora planta baixa mes maio
2014204	02/05/2014	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento do alumeadoo público mes abril
34 3958	05/05/2014	1.330,20	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe en maio
14-514	30/04/2014	1.443,87	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado en abril
14-515	30/04/2014	35,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina para a brigada verde subministrada en abril
14-516	30/04/2014	64,81	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo da brigada de obras subministrado en abril
14-507	30/04/2014	247,52	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en abril



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



14a/00127	30/04/2014	2.524,28	Sociser Galicia, S.L.	Prestación do servizo asistencial a domicilio mes abril
14A/00128	30/04/2014	4.178,15	Sociser Galicia, S.L.	Horas SAF dependencia mes abril
P 402.728	06/05/2014	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade abril/2014 a marzo/2015 mes abril
A00024722	30/04/2014	19,64	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	Servizos prestados no mes de abril
422	30/04/2014	78,65	Asvetrans, S. Coop. Galega	Servizo transporte produto arranxo pistas dende Probisa (Santiago) a Vedra o 22/04/2014
2014-10037140	16/04/2014	148,20	Wolters Kluwer España, SA	Publicación denominada El Régimen Local tras la reforma de la Ley de Racionalización para a Secretaría
14/4	30/04/2014	4.127,04	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza de locais municipais prestados no mes de abril
06/2014	08/05/2014	363,00	Foto Estudio Miguel, S.L.	Reportaxe fotográfico realizado con motivo da Volta Ciclista a España 2013
0241/E14	30/04/2014	191,81	Talleres San Fins S.L.	Reparación do tractor J. Deere E2564BDT en abril
0242/E14	30/04/2014	1.690,42	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras lateral e avanzada no mes de abril
140000144	30/04/2014	44,00	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Pintura para a escola de San Xián de Sales subministrada en abril
140011PA00256	30/04/2014	363,30	Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.	Emisión de publicidade da Festa do Viño 2014 na emisora de Radio Galicia do 7 ao 12 de abril



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1401018706	29/04/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes marzo
A 233	30/04/2014	521,81	German Mallo, S.L.	Cambio roda do camión de recollida do lixo 9047HPG
5	07/05/2014	375,00	Lareo Calvo Benedicto - A Cañiza	Comida de alumnos e profesores de fin do Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón celebrada o 16/04/2014
2014/033	08/05/2014	561,60	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín municipal do mes de maio
2014/032	08/05/2014	229,90	Xestedec Comunicación	Carteis publicitarios das xornadas de formación do LAV 2014
6211	12/05/2014	49,84	Vego Supermercados, SAU	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en maio
5279	24/04/2014	31,97	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en abril
5756	09/04/2014	13,66	Leroy Merlin España, SLU	Materiais para actividades da ludoteca mercados en abril
D000047/2014	21/02/2014	8,85	Acredores diversos	Tícket de Calvo Brea Vexata, S.L. por materiais para a ludoteca mercados en febreiro
140430205918	30/04/2014	3,00	Acredores diversos	Tícket de Merkasia, S.L. por materiais para a ludoteca adquiridos en abril
2014/1119	30/04/2014	8.863,94	Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes abril
545	30/04/2014	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar para excursión da 3ª Idade a termas Outariz-Ourense o día 23/04/2014 con achegas dos participantes



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



5626201468000358	09/05/2014	2.194,88	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa en frío para arranxo de pistas subministrada en maio
4001320991	30/04/2014	613,22	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado, paquetería e publicidade directa mes abril
14/000069	30/04/2014	54,75	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxos na casa de cultura de Santa Cruz e na vía pública en San Xián subministrados en abril
14/000070	30/04/2014	299,11	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para construcción cuberto para voluminosos nas instalacións punto limpo subministrados en abril
14/000071	30/04/2014	136,43	M.C. Mapoca, S.L.	Pintura e outros materiais para mantemento do CPI de Vedra subministrados en abril
14/00249	30/04/2014	526,37	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizos de colectores para o punto limpo e de retirada de residuos no campo de fútbol de San Mamede prestados en abril
E_23645/47/52/53/55/57	13/05/2014	180,00	Obradoiro C.A.B. SAD	Importe 30 entradas para partido de baloncesto en Fontes do Sar o 17/05/2014 (fin de curso das escolas deportivas)
W20140078	15/05/2014	251,50	Star Center Online	Lavadora para a gardería municipal adquirida en abril
27	15/05/2014	4.414,88	Grupo Acofide, S.C.	Mobiliario para pistas polideportivas de Illobre e da escola de San Fins subministrado en maio
210715	16/05/2014	231,09	Papelaría Ledoira, S.L.	Material de oficina subministrado en marzo



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



TA4O50027904	19/05/2014	21,97	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax da oficina de Servizos Sociais municipais mes maio
1401022679	30/04/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación de tren de Santa Cruz mes abril
1401026365	05/05/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación de tren de Santa Cruz mes maio
5626201468000410	16/05/2014	2.348,78	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Produto para arranxo de pistas subministrado en maio
CI0715977240	15/05/2014	1.331,82	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía fixa e móvil período 15/04/2014 a 14/05/2014
		122,03	Membros da Mesa de Contratación do Concello de Vedra	Indemnización por reunión mantida o 07/05/2014 para apertura das propostas económicas presentadas para a realización da obra <i>Acondicionamento camiños en Castro, Laraño, S. Pedro Sarandón, Cubelas e A Boca (POS/2014)</i>
		25,75	Sanmartín Carrera Carlos J.	Quilometraxe por xestións de tesourería en abril e maio
		38,75	Canedo de la Torre María	Quilometraxe por xestións das EPE/2014 do 28 de abril ao 2 de maio
		180,00	Couto Rendo Silvia	Quilometraxe por xestións realizadas dende xaneiro a abril
		122,88	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril
		77,75	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



		94,50	Orosa Carpinteiro Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril
		119,25	Iglesias Parada	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril
		87,25	Vilarinho Rodríguez M. <sup>a</sup> Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia na factura de Droguería- Ferretería El Sol, S.L., acorda aprobar as citadas facturas.

### 7º.- Dar conta de Resolucóns da Presidencia.

Dáse conta das seguintes Resolucóns da Presidencia do mes de abril:

Nº Decreto	Data	Asunto
98	01/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Ángel García Rodríguez
99	01/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Victoria Magrean
100	02/04/2014	Alta padrón fiscal taxa recollida de lixo de M. Felicísima Albela Torres
101	02/04/2014	Cambio titularidade recibos taxas recollida de lixo e sumidoiros de vivenda situada en núm. 5 de San Xián de Sales
102	03/04/2014	Incoación expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes
103	03/04/2014	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de María Dolores Ares Carbajales e familia
104	03/04/2014	Adxudicación obra de Mellora do pavimento no campo de fútbol de O coto mediante contrato menor a Construcciones Lino y Alfonso, S.C.
105	07/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Álvarez Díz
106	08/04/2014	Aprobación formularios de comunicación previas ao abeiro da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
107	08/04/2014	Concesión licenza posesión can perigoso a Pedro Quinteiro Balboa
108	09/04/2014	Anulación alta padrón fiscal taxa rede de sumidoiros da vivenda núm. 75 de Paradela, ao non ser posible a conexión á rede
109	09/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Pablo Seco Miranda
110	10/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de María Soledad Barral Fuentes
111	10/04/2014	Modificación servizo SAF de Rita M. <sup>a</sup> . Caldelas Pereiras
112	10/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Arancha Rodríguez Calviño
113	11/04/2014	Denuncia por incumprimento de distancias de plantación forestal
114	14/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Argimiro R. Calvelo Carbia
115	14/04/2014	Autorización permiso lanzamento de foguetes nas festas parroquiais de Illobre os días 19 e 20 de abril
116	15/04/2014	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de Aníbal Gabarre Álvarez
117	15/04/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de Carolina Pernas Núñez
118	15/04/2014	Autorización celebración festas en San Andrés de Illobre



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



119	21/04/2014	Autorización celebración festas en Ponte Ulla
120	21/04/2014	Autorización corte de vías municipais en Ponte Ulla con motivo das festas
121	21/04/2014	Solicitud de subvención para arranxo local social de Ponte Ulla con motivo da celebración da feira –comercio
122	21/04/2014	Autorización celebración festas en Merín
123	22/04/2014	Alta padrón fiscal de recollida de lixo e rede de sumidoiros da vivenda situada en Cibrán nº 38 -San Xián de Sales
124	22/04/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Casimiro López López
125	23/04/2014	Autorización lanzamento de foguetes en Vilanova e Merín
126	24/04/2014	Concesión mantemento praza gardería do menor Varela Guldris
127	24/04/2014	Adxudicación obras de campo de fútbol de San Mamede a Construcciones M. Rendo, S.L, como contrato menor
128	25/04/2014	Estimando recurso de reposición interpuesto por Nuria Cabanas Vázquez contra do acordo de alta no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo
129	25/04/2014	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de Cristina Izquierdo e familiares
130	28/04/2014	Aprobación cadro de características obra de acondicionamento de camiños do POS 2014
131	28/04/2014	Aprobación expediente de contratación obra de acondicionamento de camiños do POS 2014 mediante procedemento negociado sen publicidade
132	29/04/2014	Autorización permiso festas da Orella
133	29/04/2014	Autorización corte pistas de San Fins de Sales para a festa da orella
134	29/04/2014	Cambio titularidade recibo da taxa de lixo da vivenda situada en Nande nº 49- San Fins de Sales

### 8º.- Outros asuntos.

#### 8.1.- Autorización práctica de tiro de campo.

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Galega de Tiro de Campo, representada por don José L. Vascuas Martínez, con domicilio en Cimadevila, 2 - San Miguel de Sarandón, no que solicitan a renovación da autorización concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31 de xaneiro de 2013, para a práctica dese deporte na parcela 325 do polígono 506 do plano do catastro deste concello de Vedra. Presentan memoria de actividades da presente tempada, seguro de responsabilidade civil, tipo de armas que se van usar, que serán da 4ª categoría.

Considerando a solicitude de interese deportivo e social, a Xunta de Goberno acorda renovar a autorización concedida á Asociación Galega de Tiro de Campo nos termos da documentación presentada e considerando que non variaron as circunstancias dende a autorización inicial, condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1º.- As actividades desenvolveranse dentro do ámbito da parcela número 325 do polígono 506 do catastro deste concello.

2º.- A asociación adoptará todas as medidas de seguridade precisas e, aínda que non se prevé, segundo manifestan, a caída da balotes a terreos limítrofes, darase traslado deste acordo aos titulares catastrais que linden coa mencionada parcela.

3º.- Todas as armas deberán cumplir o disposto no Regulamento de armas e serán de cuarta categoría.

4º.- Darase traslado deste acordo á Garda Civil para o seu coñecemento e para os efectos legais oportunos.



5º.- A presente renovación da autorización terá validez ata o 31 de xaneiro de 2015, e deberá ser renovada, de ser o caso, pasado ese período.

#### 8.2.- Solicituds de atención domiciliaria.

8.2.1.- Escrito núm. 20140000000432 de don Avelino Cao Moimenta.

Dáse conta do citado escrito, no que o interesado, con domicilio en Caldelas -Ponte Ulla, solicita atención domiciliaria para atención persoal e doméstica.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo de atención domiciliaria, cunha intensidade de 22 horas mensuais repartidas de luns a venres, para a realización das tarefas relativas á atención persoal do solicitante e apoio na realización das tarefas relativas ao mantemento da organización e hixiene doméstica.

2º.- Aprobar unha achega do usuario, segundo o contemplado na ordenanza fiscal reguladora do servizo, do 10% do custo do servizo, é dicir, 1,42 euros/hora.

8.2.2.- Escrito num. 20140000000618 de dona Isabel Barreiro Conde.

Dáse conta do citado escrito, no que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita atención domiciliaria para a realización de tarefas domésticas e atención persoal.

A Xunta de Goberno, á vista e de acuerdo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo de atención domiciliaria polo sistema de acceso de libre concorrenza , de xeito provisional en tanto non poida acceder a este recurso a través do SAAD, cunha intensidade de 26 horas mensuais repartidas de luns a sábado á mañá, para a realización de actividades de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria, apoio na atención de necesidades de carácter doméstico e de acompañamento persoal.

2º.- Aprobar unha achega do usuario, segundo o contemplado na ordenanza fiscal reguladora do servizo, do 65% do custo do servizo, é dicir, 9,28 euros/hora.

#### 8.3.- Desafectación das escolas unitarias de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede de Ribadulla e a casa dos mestres de Vilanova

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se autoriza a desafectación das escolas unitarias de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede de Ribadulla e a casa dos mestres de Vilanova.

A Xunta de Goberno acorda recibir os citados locais e que se incorporen ao Inventario Municipal de Bens.

#### 8.4.- Acordo, se procede, sobre devolución de aval a Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L

Dáse conta do escrito de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L, no que solicitan a devolución do aval depositado no ano 2009 como adxudicatario do contrato do subministro dun tractor marca John Deere modelo 6630 e maquinaria accesoria.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

#### 8.5.- Aprobación franquía accidente.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno acorda aprobar o importe da franquía da póliza de responsabilidade civil do Concello, contratada con Mafre Seguros , por sinistro en vehículo por importe de 546,47 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado importe.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.